

Sonia Villapol, Neurocientífica, dende Houston co IES Ribadeo Dionisio Gamallo

Sonia Villapol impartiu para nós a conferencia inaugural da XXVI Feira da Ciencia e da Cultura. Sonia, natural de Bretoña (Lugo), licenciouse en Bioloxía Molecular pola USC, doutorouse en Neurociencias pola Universidade Autónoma de Barcelona, foi investigadora postdoctoral na Universidade Pierre e Marie Curie de París e dende 2010 traballa en EEUU onde pasou polo Instituto Nacional de Saúde (NIH), foi profesora de neurociencias na Universidade de Georgetown e actualmente é investigadora principal e profesora no Texas Medical Center de Houston,

Ademáis, dende fai un ano, coordina o Equipo de Investigación Internacional da COVID-19 no que participan neurocientíficos que analizan cómo lle afecta o coronavirus ó cerebro e ó sistema nervioso.

Non só nos falou sobre a covid e os danos neurolóxicos a longo prazo senón que ilustrounos no tema das probas, das vacinas e contounos que no seu día a día ademáis de coordinar o seu propio equipo de investigación pensa novos proxectos e sobre todo, busca financiación para poder facelos realidade. Reflexionou sobre a importancia da cooperación internacional a nivel científico, que seguramente a pandemia sirva de punto de inflexión para que os países dediquen maiores presupostos á investigación e insistiulle ó noso alumnado en que o esforzo e a motivación son a clave para chegar lonxe e que deben decidir persoalmente o seu futuro apoiados eso si, polas súas familias.

Encantounos a conferencia, que poderá verse en breve a través da web e agradecemoslle a Sonia que nos dedicara parte do seu tempo e mandámoslle un cariñoso saúdo dende Ribadeo.

Susi Besteiro